

Cando tan só tiña 15 anos, miña nai morreu e quedei baixo as ordes do meu irmán maior, nunca conxeniáramos ben posto que existía un gran espazo de idade entre nós, 24 anos para ser exactos, dende o momento en que quedei orfa souben que nunca podería ter o futuro que desexaba e anhelaba dende nena. Os días despois de morrer miña nai, meu irmán sacoume da casa familiar onde me criara e e levoume a súa casa, onde vivía a súa muller e o seu fillo, que nese intre tiña 18 anos. Alí vivín como se dunha extraña se tratase e non foi ata os 17 anos que tratei de marchar a casa dunha tía que vivía no extranxeiro, posto que meu irmán non deixou de tratar meterme nun internado en Suíza, recordo ben o nome, chamábase "Le phaire" e era un internado de nenas con familias ricas que o último que desexaban era ter un mínimo de liberdade. Cando conseguín que me deixaran marchar para a casa da miña tía en Galicia foi cando realmente sentín que podería alcanzar a felicidade, e cando comecei a recordar... A miña familia tiña tiña as súas orixes nun pobo do interior de Galicia, preto da capital do que apenas lembraba nada, eu nacera alí pero a miña nai decidira que era mellor criarme lonxe da miña terra e da familia que realmente me amaba polo que vivín en Francia, aínda que nunca esquecín a miña lingua. o día da miña chegada miña tía Maruxa recibíume cos brazos abertos, cheguei a casa a mediatarde e entrei por un corredor que daba a unha cociña ampla onde a miña tía batía un biscoito de iogur, cando me viu correu abrazarme mentres me dicía canto medrara e que era cuspidiña a miña avoa. despois destas mostras de aprecio doume un anaco de torta de mazá e dirixiuse conmigo ao seu carón ao piso superior onde me ensinou o meu antigo cuarto. Ao día seguinte espertei cedo polo que decidín inspeccionar o que de agora en diante sería o meu novo fogar, mirei e curioseei en todos os cuartos incluído o da miña tía que xa estaba na cociña, despois de mirar a casa decidín ir a almorzar a cociña, cando cheguei miña tía xa me tiña o almuerzo preparado, eran unhas tostadas de bola fresca con manteiga da casa e un colacao quente, cando o vin quedaronme os ollos como pratos, non tiven tempo nin a ollalo cando miña tía dixo. -Espero que che guste, era o que almorzabas de nena- Nese intre souben que a miña tía era a última familia que me quedaba. Tras almorzar vestínme e fun dar unha volta polos prados da familia, subín ata o novío, unha pequena montaña preto da casa, dende alí contemprei os prados verdes e marróns, as árbores altas como edificios e os paxaros voando libres polo ceo, así quería vivir eu, libre e feliz, e así era como me sentía mentres observaba a miña querida terra que tanto votara en falta. Despois dese día sucedéronse moitos máis e co paso deses días decidín como quería que fose o meu futuro, abrín un pequeno bar na casa chamado o bar da Maruxa que rápidamente colleu fama, xa pasou moito tempo deses días rapaces, como os extraño.

-Pero nese tempo non nós tiñas, avoa, agora estás mellor acompañada

Xa o sei meus nenos, pero vouvos dar un consello, desfrutade da vida e da liberdade que esta vos da porque cando chegedes a miña idade xa non a teredes.